



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 3 DE OUTUBRO DE 2024

EXPEDIENTE: 2024/G007/000023

Considerando que a vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local debe/debía celebrarse o vindeiro venres, 4 de outubro, ás 12:00 horas, se ben é previsible, que esta Alcaldía-Presidencia se teña que ausentar do termo municipal na hora establecida para a celebración da sesión, ás 12:00 horas, polo que esta non podería celebrarse.

Considerando que se ten ultimado a tramitación dos expedientes que se dirán a continuación e considerando que é conveniente non demorar a adopción dos correspondentes acordos, é polo que de conformidade co establecido no art. 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, no art. 113 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o acordo plenario de data 13 de xullo de 2023, así como a Resolución desta Alcaldía 426/2023, de data 17 de xullo de 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que terá lugar na Casa do Concello (Alcaldía), o vindeiro día **3 de outubro de 2024 (xoves) ás 13:30 horas**, coa seguinte orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria, expte. 2024/G007/000020, de data 26 de agosto de 2024.

2º.- Licenza de edificación. 2023/U022/000007.

3º.- “Reiteración/repetición” do preceptivo trámite de información pública posterior á aprobación inicial do “Plan Especial de Reforma Interior U.A. núm. 8”.

Segundo. Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos Sres./Sras. concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).